

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: CONVOCATORIA PLENO ORDINARIO DE XANEIRO 2020

EXPEDIENTE:2020/G003/000204

ANTECEDENTES:

En virtude das atribucións que me confire o artigo 21.1.c da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o artigo 78 do Regulamento de organización funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado polo Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro e, en cumprimento do acordo plenario de organización da Corporación Local sobre periodicidade das sesións plenarias ordinarias (pleno 02.07.2019), **RESOLVO:**

Primeiro. Convocar **sesión ordinaria** do pleno do Concello que terá lugar o vindeiro xoves, día 30 de xaneiro de 2020, ás vinte horas e trinta minutos (20.30 horas), coa orde do día que se sinala a continuación:

ORDE DO DÍA:

A) PARA DAR CONTA:

1. Dar conta ao pleno da Corporación dos decretos ditados pola Alcaldía dende a última sesión plenaria ordinaria.

B) PARA DELIBERACIÓN E ACORDO:

2. Aprobación, se procede, de actas anteriores (acta da sesión ordinaria do 26.12.2019 e actas das sesións extraordinarias e urxentes do 27.12.2019 e do 28.12.2019)
3. Aprobación do gasto plurianual para financiar a achega municipal ao proxecto de "renovación de alumado público exterior no rural de Ames" financiado nun 80% polo programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020, no marco da convocatoria que regula a concesión directa de axudas as entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono (Real decreto 617/2017 modificado polo Real decreto 1516/2018).
4. Adhesión do Concello de Ames, como socio titular, á -Red de Gobiernos Locales + Biodiversidad.
5. Aprobación inicial da primeira modificación do Regulamento de Participación Cidadá.
6. Aprobación inicial da segunda modificación do regulamento de organización e funcionamento da emisora municipal de frecuencia modulada Ames Radio do Concello de Ames.
7. Aprobación proxecto técnico de Rede de saneamento no lugar de Castelo. Actuación vinculada o Ciclo Integral da Auga (C.I.A.).
8. Proposta presentada polo concelleiro José Ramón Oulego Erroz (Grupo Mixto), relativa á adhesión ao programa Viogen. (R.E. 202000000000461 de 16.01.2020)

9. Proposta presentada polo grupo municipal Socialista sobre a política do Goberno galego en relación a prestación do servizo de Pediatría (R.E. núm 20200000000605 de 20.01.2020)
10. Proposta presentada polo grupo municipal Socialista sobre o financiamento das entidades locais na prestación do servizo de Axuda no Fogar. (R.E. núm 20200000000607 de 20.01.2020).
11. Proposta presentada polos grupos municipais para solicitar a mellora da seguridade vial na AC-544 ao seu paso polas parroquias do Concello de Ames (R.E. núm 20200000000638 do 21.01.2020),
12. Proposta presentada polo concelleiro José Ramón Oulego Erroz (Grupo Mixto), relativa á conmemoración do día internacional contra a corrupción (R.E. núm 20200000000640 do 21.01.2020).
13. Proposta presentada polo concelleiro José Ramón Oulego Erroz (Grupo Mixto), en apoio aos órganos constitucionais e para instar ao actual goberno de España a non realizar concesións aos grupos independentistas. (R.E. 20200000000641 do 21.01.2020).

C) MOCIÓNS.

D) PARA CONTROL DO GOBERNO:

14. Rogos e Preguntas.

Segundo.- Comunicar ás/ós señoras/es concelleiras/os que os asuntos que se tratarán na dita sesión atópanse a súa disposición para ser examinados na Secretaría Xeral a partir da data desta convocatoria.

No caso de non poder asistir á sesión plenaria, deberán acreditarlo con antelación suficiente ante esta Alcaldía.

De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes (artigo 46.2.c da Lei 7/1985, de 2 de abril) entenderase convocada a sesión automaticamente á mesma hora dous días despois (artigo 90.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro).

Terceiro.- Notifíquese en forma axeitada á legalidade.

O alcalde

A secretaria

José M. Miñones Conde

Rosa Ana Prada Queipo